

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e Lerez Ediciones SL, para potenciar o uso do idioma galego a través do xornal Diario de Pontevedra que edita esta entidade.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, educación e Universidade **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará con Lerez Ediciones SL, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e Lerez Ediciones SL, para contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación e conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, normalizando o seu uso a través da prensa escrita e das web dos xornais na súa liña informativa en calquera tipo de noticias, temas de actualidade, crónicas e igualmente nos artigos de opinión.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



Que a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no seu título IV, e concretamente no artigo 19, establece para o ámbito dos medios de comunicación o apoio económico e material para aqueles medios que, sen seren de titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da Comunidade Autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Entre as actuacións que establece o citado Plan contéplase a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para implicar ás empresas xornalísticas que operan na comunidade autónoma no proceso dinamizador da lingua.

Que esta consellería quere colaborar apoiando o labor que levan a cabo os grandes grupos de comunicación galegos de prensa escrita cos que asinará convenios de colaboración atendendo aos criterios establecidos no acordo do Consello da Xunta de 19 de xaneiro de 2006 relativo á subscripción de acordos ou convenios coas empresas titulares de medios de comunicación referidos ao emprego da lingua galega nas páxinas dos seus xornais e, tendo en conta os datos do Estudo Xeral de Medios (EXM), entidade oficial de control de audiencias.



Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto asinar convenios de colaboración coas seguintes empresas de comunicación que engloban a prensa escrita que opera na Comunidade Autónoma: Corporación Voz de Galicia SLU, Faro de Vigo SAU, Editorial Compostela SA, El Progreso SL, La Región SA, La Capital SL, La Opinión de La Coruña SL, Rías Baixas de Comunicación SA e Lerez Ediciones SL coa finalidade de promover e fomentar a lingua e a cultura galegas a través dos medios de comunicación para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos polas partes asinantes.

Que coa sinatura deste convenio preténdese contribuír á normalización e promoción da lingua galega nos medios de comunicación para conseguir que cada vez sexa maior a implantación do galego nos medios de difusión en todos os ámbitos sociais, dando un paso importante cara á normalización do galego. Que a imposibilidade de promover a concorrencia pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polos medios de comunicación ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase telematicamente esta memoria, en Santiago de Compostela.

